



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/07/2020 9:51:34

SAIDA

7537/20

[REDACTED]

Reclamante: [REDACTED], en representación de [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 56/2020**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED] e [REDACTED], en representación de [REDACTED] mediante escrito do 16 de abril de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 30 de xuño de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. Con data do 24 de abril de 2020, tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo correo electrónico do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria polo que se remite escrito de reclamación presentado por [REDACTED] e [REDACTED], en representación de [REDACTED], por entender que se trata dunha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 24 de marzo de 2020, da citada Xefatura Territorial, pola que se permite o acceso á [REDACTED] aos Planos de emprazamento e plans de labores dos anos 1998, 2004, 2018 e 2020, correspondentes á explotación Berducido nº 2661.

Na súa reclamación indican que se lles notificou resolución do xefe territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Pontevedra do 24 de marzo de 2020 na que se resolve

permitir o acceso aos planos de emprazamento e plans de labores correspondentes aos anos 1998, 2004, 2018 e 2020 da concesión de explotación Berducido nº2661. Considera que esa resolución adolece de erros materiais, dado que a [REDACTED] solicitou vista do expediente de explotación –planos, etc.- da delimitación da referida explotación antes do ano 2005, da que se lles conferiu un trámite de audiencia a [REDACTED]

Dado que a delimitación da canteira con anterioridade ao ano 2005 non afecta a información sensible para a sociedade, non afecta aos intereses económicos e comerciais de [REDACTED] non se realizou ningunha alegación ao respecto.

Na resolución quer agora se impugna faise referencia á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común San Vicente de Cerponzóns, o que se trata dun erro material, que deberá ser corrixido.

Afirma que segundo se lle informou, o contido da solicitude eran os planos de delimitación da canteira do ano 2005, que parece que foi completamente modificado, sendo agora a solicitude da [REDACTED] o acceso aos planos de emprazamento e aos planos de labores correspondentes aos anos 1998, 2004, 2018 e 2020, polo que no caso de que se trate dun erro material, debe ser corrixido.

No caso de que non se trate dun erro, considera que se produciu unha vulneración do procedemento dado que non se lles comunicou a modificación da solicitude formulada por [REDACTED] consistente no acceso aos planos de emprazamento e plans de labores correspondentes aos anos 1998, 2004, 2018 e 2020 para que [REDACTED] puidese exercer o seu dereito á defensa, actuando a Administración de modo contrario a dereito.

[REDACTED] non realizou ningún tipo de alegación á solicitude de acceso a planos sobre a delimitación da canteira do ano 2005, posto que non afectaba os seus intereses económicos e comerciais, pero non puido realizar alegacións á solicitude dos planos de emprazamento e plans de labores da canteira de 1998, 2004, 2018 e 2020 porque nunca se lles deu traslado. Considera que o acceso á devandita información sería causante de prexuízos aos intereses económicos e comerciais da súa empresa, sendo a resolución impugnada contraria a dereito. Afirma a entidade reclamante que parece que a Administración xa deu acceso telemático a parte da información solicitada pola [REDACTED] actuación ilegal da que considera que a Administración é a única responsable.

Os epígrafes dos plans de labores referidos a aos custos e orzamentos de gastos, investimentos e resumo do orzamento de gastos solicitados non poden ser facilitados por

supoñer un prexuízo para os intereses económicos e comerciais, xa que revela a estratexia de investimento que levou a cabo a compañía nos últimos anos na explotación de Berducido, polo que, de chegar estes datos aos competidores da sociedade, estaríase a causar un importante prexuízo para os seus intereses económicos e comerciais.

A información que se contén nos epígrafes indicados acreditan que concorre un interese privado superior que xustifica a limitación no acceso. Os investimentos que se realizaron durante estes anos na explotación constitúen a estratexia de investimento da sociedade na explotación, que debe cualificarse de información estratéxica e de permitirse o acceso por terceiros á información estratéxica de investimento da sociedade, estaríase a causar un prexuízo aos intereses económicos e comerciais de [REDACTED] ao proporcionar información protexida polo segredo comercial.

Mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 25 de maio de 2020, no que a empresa interesada comunica que con data do 15 de maio de 2020, a Consellería de Economía, Emprego e Industria lle puxo en coñecemento que procedera á corrección do erro material detectado na resolución de 24 de marzo de 2020. Acompaña copia da resolución do 15 de maio de 2020 do Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se rectifica o erro detectado, establecéndose que nos feitos onde se indica CMVMC de San Vicente de Cerponzóns, debe indicarse [REDACTED]

Os reclamantes acreditaron o seu poder mancomunado para presentar en nome da sociedade, as reclamacións e recursos que consideren necesarios, mediante a presentación de copia dá escritura de elevación a público de acordos sociais, do 30 de marzo de 2017, nº de protocolo 811, outorgada ante ou notario de Madrid, [REDACTED] que consta no expediente desta Comisión RSCTG 38/2020.

Segundo. Con data do 28 de abril de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Economía, Emprego e Industria para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 28 de maio de 2020 A Consellería de Economía, Emprego e Industria contesta a petición remitindo o informe e o copia do expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que respecto do trámite de audiencia consta no expediente escrito do Xefe do Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra do 18 de febreiro de 2020, no que se lle da traslado da solicitude de acceso á información e copia da documentación presentada por [REDACTED] sobre a concesión de explotación Berducido nº 2661 (PO/C/02661), na que en concreto solicita vista

do expediente de explotación da canteira de referencia, co fin de comprobar os límites da súa explotación en data anterior ao ano 2005.

Coa mesma data, remítese á sociedade solicitante da información un requirimento no que consta que dado que non existe un *expediente Berducido 2661*, senón distintos expedientes relacionados coa concesión de explotación *Berducido nº2661*, que conforman toda a documentación relativa a dita concesión de explotación dende o seu inicio, e polo tanto é preciso que o solicitante especifique a que documentos en concreto desexa ter acceso da dita documentación.

A dita sociedade solicitante con data do 27 de febreiro remite escrito no que especifica a información solicitada, consistente nos planos de emprazamento e plan de labores de 1.998, 2004, 2018 e 2020.

Fronte a alegación de ██████████ no senso de que a solicitude formulada foi completamente modificada, a Administración considera que non, senón que da solicitude só cabía entender que abarcaba todo tipo de documentación relativa á canteira, sen circunscribirla nin a un lapso temporal nin á unha tipoloxía de documentos, sen que a finalidade para a que se solicita a información sexa relevante á hora de conceder o acceso.

Alega a consellería que do teor do formulario presentado poderíase chegar a entender que solicita vista do expediente de explotación *antes do ano 2005*, se ben a referencia temporal parece aludir máis á propia delimitación que ao expediente. En todo caso, non se limita a solicitar os planos de delimitación “do ano 2005” nin tampouco os “planos de delimitación anteriores a 2005”, senón que solicita a “vista do expediente de explotación” acompañado dun significativo “etc” despois de citar planos entre guións, o que non deixa dúbida de que non só se solicitan os planos, senón o expediente.

Pola súa banda, a concreción da solicitude achegada o 27 de febreiro de 2020 circunscribida a documentación solicitada a dúas tipoloxías de documentos: os plans de labores e os planos de emprazamento, ambos sen dúbida xa incluídos na solicitude inicial do expediente de explotación da canteira e o restrinxe a os anos 1998, 2004, 2018 e 2020.

Considera que o trámite de audiencia foi efectivamente realizado e ██████████ non presentou ningún tipo de alegacións.

Alega a Consellería que o artigo 19.3 da Lei 19/2013 non esixe que, no caso de ser concretada a solicitude, se remita de novo ao terceiro afectado concedendo novo trámite de alegacións, que só podería ter sentido no suposto de que a modificación da solicitude fora tal que equivalera a unha solicitude nova, e non a unha mera concreción.

Respecto do erro material alegado pola parte reclamante, procedeuse á súa corrección de conformidade co artigo 109 da Lei 39/2015, tal e como consta no expediente.

En canto aso prexuízos comerciais e económicos, de acordo co informe do Xefe de Enerxía e Minas de Pontevedra do 6 de maio de 2020, os datos orzamentarios e de investimentos reflectidos no plan de labores só indican o investimento preciso para executar os traballos descritos no dito plan e non revelan ningún tipo de información estratéxica da empresa [REDACTED] e polo tanto non hai causa de inclusión no artigo 14 da Lei 19/2013 debendo terse en conta que [REDACTED] é un competidor de [REDACTED] sendo o seu obxecto social a construción, máis concretamente a escavación e movemento de terras, e non a minería.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.



Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, a resolución impugnada ditouse con data do 24 de marzo de 2020 e a reclamación interpúxose con data do 16 de abril de 2020, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O motivo de impugnación por ██████████ da resolución do 24 de marzo de 2020, do Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que permite a ██████████ o acceso aos Planos de emprazamento e plans de labores correspondentes aos anos 1998, 2004, 2018 e 2020 da explotación Berducido nº2661 e se remite copia dixital da información solicitada, é por considerar que se lle deu traslado como terceiro interesado da solicitude inicial, que se refería *á vista do expediente de explotación da canteira de referencia, co fin de comprobar os límites da súa explotación en data anterior ao ano 2005*, e non se lle deu traslado para alegacións da aclaración efectuada por ██████████ (efectuada a requirimento da Xefatura Territorial), na que concretaba a súa solicitude aos *planos de emprazamento e plan de labores dos anos 1.998, 2004, 2018 e 2020*.

Como é sabido, a documentación que un particular presente ante unha Administración e que pase a formar parte dun expediente, fai que adquira a condición de información pública, que por tanto pode ser solicitada por calquera persoa, e que unicamente pode ser limitado o seu acceso, para protexer outros dereitos ou intereses de terceiros máis dignos de protección, sempre que o órgano competente o motive adecuadamente.

A información ou documentación pública non só contén datos públicos senón que, tamén, pode ter datos que correspondan ás persoas privadas, sendo esta información ou documentación adquiridas neste caso pola Administración no exercicio das súas competencias.

O artigo 19.3 da Lei 19/2013, nos casos nos que o acceso á información solicitada pode afectar a dereitos ou intereses de terceiros, debidamente identificados, establece a obriga de darlles audiencia para que poidan realizar as alegacións que estimen oportunas. O obxecto do trámite de audiencia é que o terceiro poidan realizar as alegacións que estimen oportunas, a fin de que se substancien todos os dereitos e intereses subxectivos que poidan verse afectados pola resolución.

A estes efectos, debe trasladárselle a ese terceiro e con carácter previo, *toda* a información solicitada a fin de que a administración poida valorar cada petición de acceso, e verificarse existe algunha limitación á difusión ou de traslado da mesma, sendo o trámite de audiencia esencial, dado que a súa falla podería determinar que se producise a efectiva indefensión do afectado. A indefensión non se da unicamente si falla o trámite, senón tamén nos casos nos que o trámite formalmente existiu, pero non se trasladou ao terceiro a solicitude completa, que no presente caso sería a solicitude inicial e a aclaración presentada pola empresa [REDACTED] a instancias da Xefatura Territorial de Pontevedra.

No requirimento efectuado pola Xefatura Territorial a [REDACTED] de data do 18 de febreiro de 2020, se afirma expresamente que analizada a solicitude, obsérvanse, no que aquí nos interesa, deficiencias que deben ser emendadas, no senso de que *non se especifica a información concreta á que desexa ter acceso*. É dicir, a Xefatura Territorial ten dúbidas sobre cal é a información concreta que se solicita, polo que pide esa concreción. Así mesmo, no informe emitido pola Consellería, expresamente se recoñece que a teor do formulario presentado (refírese á solicitude inicial), *poderíase chegar a entender que solicita vista do expediente de explotación antes do ano 2005*, que é o que entendeu [REDACTED]

De acordo co anterior, conséntase que á propia Xefatura Territorial lle suscitou dúbidas sobre cal era a información solicitada, motivo polo cal solicitou a súa concreción, e unha vez concretada pola solicitante, non a remitiu ao terceiro interesado como debeu facer, sen que do expediente se poida deducir o motivo polo que non se realizou o trámite de audiencia de forma correcta, remitindo ao terceiro o contido concreto da solicitude.

O feito de non remitir a solicitude completa (a inicial mais aclaración) supón que a tramitación do período de audiencia, como trámite fundamental para a defensa dos dereitos e intereses dun terceiro, fose deficiente, podendo provocar que o terceiro se vira imposibilitado de aducir en apoio dos seus intereses, cantas razóns de feito e de dereito puidera considerar oportunas.

De acordo co anterior, procede a estimación da reclamación presentada para a súa retroacción, debendo a Xefatura Territorial retrotraer o procedemento á fase de audiencia, na que debe remitir a [REDACTED] o contido da aclaración presentada por [REDACTED] ditando nova resolución motivada sobre o acceso ao expediente.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar para a retroacción, de acordo co disposto no fundamento xurídico quinto desta resolución, a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 16 de abril de 2020, contra a Resolución do 24 de marzo de 2020, Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se permite o acceso á [REDACTED] aos Planos de emprazamento e plans de labores dos anos 1998, 2004, 2018 e 2020, correspondentes á explotación Berducido nº 2661, debendo a dita xefatura, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai referencia á formalización do acceso, dictar nova resolución sobre o acceso.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)

Fecha: 2020.07.01 12:26:38 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.